



COLEXIO OFICIAL
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

MEMORIA 2020



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2020

EDITORIAL

O ano 2020 nacía coa ilusión de festexar o 40 aniversario da creación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Unha data importante, cargada de significado, que nos daba a oportunidade de botar a vista atrás e poñer en valor estas catro décadas de crecemento profesional e científico.

Pero a realidade é máis poderosa e púxonos por diante, a comezos de marzo, un escenario inédito: unha emerxencia sanitaria de alcance global, que puxo contra as cordas o Estado do Benestar, especialmente a Sanidade Pública, pero tamén noutros ámbitos como os servizos sociais comunitarios ou a educación. A pandemia da COVID-19 estendeuse ao longo de todo o 2020, se ben as perspectivas da vacinación coas que remata este ano nos permiten botar unha ollada optimista tras uns meses de tanta dor e sufrimento, consecuencia desta enfermidade e das restricións na nosa vida cotiá.

Limitacións que chegaron tamén ao Colexio Oficial de Psicoloxía. Por primeira vez, o COPG pechaba as súas portas e o equipo administrativo sostíña a actividade a través de teletraballo durante máis de mes e medio, e paralizábase toda a actividade prevista: formación presencial, reunións etc. A prioridade era proporcionar un respaldo á profesión, con información actualizada dos constantes cambios normativos que afectaban á prestación de atención psicolóxica; así como atender as demandas que desde a cidadanía e a Administración Pública nos realizaban no noso rol como representantes de máis de 3.200 psicólogos e psicólogas en Galicia.

O impacto psicolóxico do vivido, e do que vén por diante, é innegable e aínda descoñecemos o alcance na saúde mental e no benestar das persoas. Neste sentido, cómpre enxalza a profesionalidade coa que actuou a psicoloxía galega. É un orgullo formar parte deste colectivo profesional que nun momento tan excepcional mantivo unha actitude xenerosa, solidaria e comprometida, sumando e coidando do benestar da comunidade.

Desde a psicoloxía clínica e sanitaria, coidando da saúde mental e do benestar psicolóxico. Nos servizos sociais e os centros sociosanitarios, atendendo as necesidades das persoas maiores e as situacións de vulnerabilidade. A psicoloxía educativa, prestando atención psicolóxica e emocional aos nenos, nenas e adolescentes. Tamén nas emerxencias, atendendo as situacións excepcionais da cidadanía en xeral. Desde a xustiza, atendendo a persoas en situacións vulnerables como a infancia, a adolescencia ou a violencia de xénero. Así mesmo, no traballo e as organizacións, atendendo as novas esixencias en riscos psicolóxicos e en seguridade. E en ámbitos máis concretos, como o tráfico, contribuíndo á prevención e á sensibilización; ou o deporte, apoiando nun contexto complicado.

A psicoloxía galega demostrou o seu bo facer no momento en que foi máis necesario. Nesta memoria recóllese unha mostra da actividade desenvolvida desde o COPG, a través da súa Xunta de Goberno, Seccións, Comisións e Grupos, que reorientaron a súa actividade para dar resposta ás novas necesidades que a pandemia nos puxo por diante. Sirvan estas palabras de acollida á Memoria Anual para recoñecer o grandísimo labor que tantos compañeiros e compañeiras desenvolvestes nestes meses tan extraordinarios e difíciles.

ÍNDICE

1. Estado da colexiación	8
2. Órganos de xestión	9
Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas	9
Xunta de Goberno	10
3. Comisión Ética e Deontoloxía	12
4. Comisión para a Defensa da Profesión e para Prevención do Intrusismo	15
5. Valedor das colexiadas e colexiados	17
6. Seccións	18
Sección de Psicoloxía e Saúde	18
Sección de Psicoloxía Educativa	23
Sección de Psicoloxía Xurídica	25
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións	27
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	31
7. Comisións	34
Comisión Intersectorial de Mediación	34
Comisión Intersectorial de Xénero	35
Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte	38
Comisión de Cultura	39
Comisión de Acreditación para o Exercicio de Actividades Sanitarias	41
Comisións de Valoración Autonómicas das Acreditacións Profesionais do Consejo General de la Psicología	41
8. Grupos de Traballo	43
GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	43
Grupo de Trafico e Seguridade	51
9. Convenios de colaboración	54
Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero	54
Programa “Abramos o Círculo”	56
Programa Quenda de Garda Psicolóxica Especializada en Violencia de Xénero	58
Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	60
Programa Mediación Intraxudicial	60
Xornadas de Concienciación de Seguridade Viaria	62
Programa PSICOVIAL	62

Protocolo de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia	63
Acordo marco de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) da Xunta de Galicia	63
Convenio coa Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS)	63
Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela	64
Convenio coa Universidade de Vigo	64
Convenio coa Fundación Meniños	65
Convenio coa Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)	65
Convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)	65
Convenio coa Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)	66
Convenio coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia	66
Convenio coa Confederación de Empresarios da Coruña (CEC)	67
Convenio con Previsión Sanitaria Nacional (Grupo PSN)	67
10. Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense	68
11. Servizo de Mediación en Asuntos Cívís e Mercantís	69
12. Beca Siota de Investigación en Psicoloxía	70
13. Eventos colexiais	71
14. Representación colexial nos Consellos da Administración	75
15. En representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia	76
16. Relacións e colaboracións institucionais	84
17. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de la Psicología de España	89
18. Publicacións	92
19. Medios de comunicación	94
20. Servizos colexiais	95
21. Balances económicos	99

ESTADO DA COLEXIACIÓN

1. A 31/12/2020

Altas	195
Última promoción	45
Outras promocións	106
Reincorporacións	29
Traslados	12
Xubilación	2
Asociados/as	0

Baixas	105
Voluntarias	81
Por falta de pagamento de cotas	5
Traslados	9
Defunción	2
Xubilación	8

Colexiados e colexiadas inscritos nas seccións profesionais do COPG	
Sección de Psicoloxía e Saúde	322
Sección de Psicoloxía Educativa	102
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	115
Sección de Psicoloxía Xurídica	156
Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	37

Total de colexiados e colexiadas
a 31-12-2020

3.202

2. ÓRGANOS DE XESTIÓN

2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS E COLEXIADOS

A Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída por todos os colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 14 de xullo. Sesión ordinaria. (Convocada inicialmente para o 24 de marzo, que foi aprazada con motivo da Covid-19)
- 1 de decembro. Sesión ordinaria.



2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.

COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

M^a Rosa Álvarez Prada, *decana*

Hipólito Puente Carracedo, *vice decano*

Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación /
Coordinador coa Sección de Psicoloxía Educativa /
TIC e Administración electrónica.

Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria*

Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica
en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *vice secretaria*.

Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional /
Coordinadora coa Comisión de Psicoloxía do Deporte

Miguel Ángel Chouza Ponte, *tesoureiro*

Servizos Colexiais.

M^a del Carmen González Pais, *vogal*.

Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía.

Fátima López Rodríguez, *vogal*.

Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero.

Eva Muíño Gómez, *vogal*.

Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade /
Coordinadora coa Sección de PTO.

José Manuel Oreiro Blanco, *vogal*.

Publicacións / Coordinador ca Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

Marina Ortega Otero, *vogal*. Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Xurídica.

Socorro Rodríguez Holguín, *vogal*. Relacións Académico-Profesionais.

M^a Concepción Rodríguez Pérez, *vogal*.

Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade.

Víctor Manuel Torrado Oubiña, *vogal*.

Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e
a Prevención do Intrusismo / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde.

Xunta de Goberno do COPG

REUNIÓN

A partir desta data celebráronse un total de 8 Xuntas de Goberno ordinarias e 3 de carácter extraordinario para a dirección e xestión da actividade colexial:

- 28 de xaneiro. Sesión ordinaria
- 6 de febreiro. Sesión extraordinaria
- 30 de marzo. Sesión extraordinaria
- 21 de abril. Sesión ordinaria
- 28 de maio. Sesión ordinaria
- 19 de xuño. Sesión ordinaria
- 29 de xullo. Sesión extraordinaria
- 8 de setembro. Sesión ordinaria
- 20 de outubro. Sesión ordinaria
- 24 de novembro. Sesión ordinaria
- 15 de decembro. Sesión ordinaria

3. COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

REUNIÓN

Celebráronse un total de seis reunións ordinarias.

- 1 de febreiro
- 10 de maio
- 20 de xullo
- 14 de setembro
- 28 de outubro
- 11 de decembro

Nestas xuntanzas contouse coa presenza de Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG, quen asesorou permanentemente en asuntos de carácter legal.

A Comisión de Ética e Deontoloxía está formada por un presidente, unha secretaria e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Luis Carlos Álvarez García, *presidente*

Marta Rivas Rodríguez, *secretaria*

Susana Blanco Fernández

M^a Pilar Millán Cerqueiro

Katia Rolán González

Vogais

M^a del Carmen González Pais

Coordinación coa Xunta de Goberno



Membros da Comisión de Ética e Deontoloxía ata o 14 de abril

ACTIVIDADES

Quedaba 1 expediente pendente do ano 2016, que está en suspenso (art. 2 do Regulamento do Procedemento Sancionador).

Quedaban tres expedientes pendentes do ano 2018, que foron resoltos do seguinte xeito:

1 expediente en suspensión por procedemento xudicial
2 expedientes en suspensión por contencioso administrativo

Quedaban oito expedientes pendentes do 2019, que foron resoltos do seguinte xeito:

6 expedientes foron resoltos pola Xunta de Goberno do COPG
1 expediente foi proposta de resolución á Xunta de Goberno do COPG
1 expediente en admisión a trámite

Durante o ano 2020 abríronse catorce expedientes e a súa situación é a que segue:

5 expedientes foron resoltos pola Xunta de Goberno do COPG
3 expedientes foron proposta de resolución á Xunta de Goberno do COPG
6 expedientes en admisión a trámite

Total expedientes

Expediente pendente (2016)	1
Expedientes pendentes (2018)	3
Expedientes pendentes (2019)	8
Expedientes novos (2020)	14
Total	26

Estado dos expedientes

Expedientes resoltos	11
Expedientes en suspensión	4
Expedientes pendentes admisión a trámite	7
Expedientes pendente de resolución	4

Tramitación de expedientes

Expedientes admitidos a trámite	11 (42,30 %)
Expedientes non admitidos a trámite	10 (38,40 %)
Expedientes pendentes de decisión a trámite	5 (19,23 %)

Artigos do Código Deontolóxico da Psicoloxía con proposta de sanción:

Art. 6 en 2 expedientes
Art. 15 en 2 expedientes
Art. 17 en 1 expediente
Art. 25 en 2 expedientes
Art. 29 en 1 expediente
Art. 40 en 1 expediente
Art. 48 en 4 expedientes

b) Servizo de consultas:

Servizo ao cal poden dirixirse consultas para propoñer dúbidas sobre cuestións éticas e deontoloxía do exercicio da profesión. Durante este ano recibíronse 21 consultas e, a data 31 de decembro, estaban todas contestadas.

c) Comisión Electoral:

A Comisión de Ética e Deontoloxía constituíuse como Comisión Electoral para o proceso electoral á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica.

d) Colaboración na Circular Informativa do COPG:

A Comisión este ano presentou tres colaboracións. As temáticas abordadas foron:

- Programa docente para o practicum da Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- Sobre aspectos éticos e deontolóxicos na investigación en psicoloxía.
- Consideracións ético – deontolóxicas acerca da terapia online.

e) Formación:

- Impartíuse do módulo “Ética e Deontoloxía” para o alumnado do Practicum de 4º curso de grao de psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) no marco dun convenio asinado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. A actividade desenvolveuse durante o mes de outubro, en modalidade online e contou cun total de 20 horas lectivas. Ademais dos membros da Comisión, tamén participou Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG.
- Participación de Marta Rivas Rodríguez e Irene Martínez Montero, psicólogas colexiadas e de Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG, no curso “Aspectos éticos – deontolóxicos no traballo con menores e as súas familias”, organizado desde a Sección de Psicoloxía e Saúde o día 16 e 17 de outubro en modalidade online.
- Participación da membro desta Comisión, M^a Pilar Millán Cerqueiro e da asesora xurídica do COPG, Cecilia Barros Díaz, no módulo 3 *Aspectos éticos e legais da asistencia psicolóxica a través de medios telemáticos* do curso “Introdución á teleasistencia psicolóxica”, celebrado o día 19 de novembro en modalidade online e organizado desde a Vogalía de Formación deste Colexio.

4.

COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E A PREVENCIÓN DO INTRUSISMO

A creación da Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo foi aprobada na Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o 10 de marzo de 2015.

Entre os obxectivos da Comisión figuran os de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicoloxía como profesión necesaria na sociedade, así como apoiar o emprendemento de accións legais contra o intrusismo das pseudoterapias, así como dos e das profesionais que exercen sen a colexiación obrigatoria.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Víctor Manuel Torrado Oubiña, *coordinador*

José Manuel Pazos Riveiro

M^a Concepción Prado Álvarez

Tania Rodríguez Canitrot

Francisco Javier Sardiña Agra

Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo

ACTIVIDADES

a) Ao longo do ano 2020 recibíronse na Secretaría do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia un total de 20 novas queixas que foron abordadas pola Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do COPG.

O expedientes tratados ao longo do ano 2019 pódense agrupar pola súa natureza da seguinte maneira:

- Profesionais doutros ámbitos que anuncian ou ofertan intervención ou tratamentos presuntamente psicolóxicos (7 casos).
- Profesionais da psicoloxía non colexiados que exerce (6 casos).
- Centros de formación que anuncian titulación que colide ou invade competencias do/a profesional da psicoloxía (3 casos).
- Profesional da psicoloxía que anuncia unha titulación (psicoloxía clínica) sen estar en posesión dela (2 casos).
- Persoa que se anuncia como psicólogo/a sen posuír a titulación requirida (2 casos)

O tipo de xestión máis frecuente levada a cabo pola Comisión en relación aos expedientes mencionados son as dilixencias informativas referidas ás normas legais e colexiais vixentes sobre publicidade sanitaria, colexiación e intrusismo ante profesionais ou institucións públicas e privadas, denunciadas. Tamén traslada as queixas a outros Colexios de Psicoloxía do estado ou

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 4 de febreiro
- 16 de xuño
- 19 de novembro

ao Consejo General de la Psicología, segundo a mellor defensa dos intereses da profesión. Por último, denuncia ante a administración galega aquelas queixas cuxos implicados amosen falta de colaboración coa Comisión e un potencial prexuízo grave ou reiterado.

b) Asistencia do coordinador da Comisión como relator na I Xornada Nacional de Psicoloxía do Exercicio Privada da Profesión, coa intervención “Exemplos sobre intervención en casos de intrusismo”, organizado desde a Comisión do Exercicio Privado, Intrusismo e Defensa da Profesión do Consejo General de la Psicología. Celebrada en modalidade telemática o día 7 de novembro.

5. VALEDOR/A DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS

A figura do valedor/a das colexiadas e colexiados vén especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no Capítulo XI, como a persoa que defende os dereitos e intereses de todos os colexiados e colexiadas perante os demais órganos colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das colexiadas e colexiados: **Antonio González Fernández**

Ao longo do presente ano non foi reclamada a actuación do valedor.



Antonio González Fernández

6. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de cinco seccións profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

6.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 29 de xaneiro
- 25 de marzo
- 20 de maio
- 23 de setembro
- 10 de novembro
- 20 de novembro
(assemblea de socias e socios)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA ATA O 19 DE NOVEMBRO

José Eduardo Rodríguez Otero
Presidente

Alicia Carballal Fernández
Vicepresidenta

Carlos José Losada López
Secretario

Mercedes Fernández Cabana
Tesoureira

María Blanco Suárez
Almudena Campos González
Alba Fernández Revaldería
Eduardo Martínez Lamosa
Vogais

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DESDE O 20 DE NOVEMBRO

José Eduardo Rodríguez Otero
Presidente

Alicia Carballal Fernández
Vicepresidenta

Carlos José Losada López
Secretario

Mercedes Fernández Cabana
Tesoureira

Eduardo Martínez Lamosa
Almudena Campos González
María Villarino González
Xacobe Abel Fernández García
Vogais



Curso “Actualización en avaliación neuropsicolóxica en pacientes con diagnóstico en enfermidade de Parkinson”

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso “Actualización en avaliación neuropsicolóxica en pacientes con diagnóstico en enfermidade de Parkinson”.
Datas: 28 e 29 de febreiro.
Lugar: Salón de actos – Planta Sótano, Hospital Marítimo de Oza (A Coruña).
Coordinación: Carlos José Losada López Manuel Castro Bouzas.
Docente: Vanessa Vilas Riotorto, C-25946. Psicóloga Clínica na Sección de Psicoloxía e Saúde do Servizo de Psiquiatría e Psicoloxía Clínica do Hospital Clinic de Barcelona. Experta acreditada en neuropsicoloxía clínica pola CNAP do Consejo General de la Psicología.
- Curso “Aspecto ético-deontolóxicos no traballo con menores e as súas familias”
Datas: 16 e 17 de outubro.
Lugar: Modalidade online.

Coordinadora: Almudena Campos González.

Docentes: Irene Martínez Montero, G-2957. Psicóloga colexiada G- 2957. Psicóloga Clínica no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. Marta Rivas Rodríguez, G-3609. Psicóloga colexiada G-3609. Psicóloga Forense no Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) de Santiago de Compostela. Cecilia Barros Díaz. Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Avogada con máis de dez anos de experiencia. Asesora Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

■ Curso “Introducción á Psicoloxía Perinatal”

Datas: 28 de novembro.

Lugar: Modalidade online.

Coordinación: Andrea Rodríguez Freire.

Docentes: Andrea Rodríguez Freire, G-5051. Psicóloga habilitada pola Consellería de Sanidade para o exercicio de actividades sanitarias. Coordinadora do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG. Iria Carnoto Figal, G-5184. Psicóloga habilitada pola Consellería de Sanidade para o exercicio de actividades sanitarias. Membro do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG. Sandra María Fernández Román, G-3399. Membro do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG. Natalia Guedella Sebastián, G-5137. Membro do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

b) Xornadas da Sección:

- XXV Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde “Adaptacións positivas e adversidades significativas: a resiliencia psicolóxica”.

Data: 21 de novembro de 2020.

Modalidade online

Comité Organizador:

Alicia Carballal Fernández, *vicepresidenta*

Carlos José Losada López, *secretario*

Mercedes Fernández Cabana, *tesoureira*

Comité Científico:

José Eduardo Rodríguez Otero, *presidente*

Eduardo Martínez Lamosa, *vogal*

c) Anuario de Psicoloxía Clínica:

Consello de Redacción composto por:

M^a Gabriela Domínguez Martínez, *directora*

Almudena Campos González

Isabel Figueroa Matallín

Laura Montero Castro

Noelia Pita Fernández

Paula Rodríguez Vázquez

Laura Sotelo Estévez

Ricardo Vázquez Gómez



Anuario Psicología e Saúde nº 13
“PECADOS”

- **Anuario Psicología e Saúde número 13 “PECADOS”.**
Edición en formato dixital, presentado nas XXV Xornadas da Sección de Psicología e Saúde.

d) Grupos de Traballo:

- **Grupo de Traballo dos Titores e Titoras dos/as Especialistas en Formación en Psicología Clínica (PIR):**

As persoas integrantes deste grupo son:

Luis Carlos Álvarez García (Santiago, coordinador) / Manuel Castro Bouzas (Ferrol) / Miguel Anxo García Álvarez (Santiago) / Gonzalo Martínez Sande (A Coruña) / Francisco Javier Sardiña Agra (A Coruña) / Delia Guitián Rodríguez (Lugo) / José Javier González Hermida (Ourense) / Yolanda Castro Casanova (Ourense) / Jacinto Casas Araújo (Pontevedra) / M^a José Veiga Candán (Vigo).

- **Grupo de Traballo de Neuropsicología:**

As persoas integrantes deste grupo son:

Francisco Javier Sardiña Agra (coordinador) e Rocío García Calvo. Acordouse na Asemblea de Socios e Socias da Sección do 15 de novembro de 2019 o peche do grupo de traballo estando á espera dunha nova reactivación do mesmo cunha renovación de contidos e membros.

- **Grupo de Traballo de Atención Primaria:**

As persoas integrantes deste grupo son:

Alicia Carballal Fernández (coordinadora) / María José Carreira Vidal / Paula Cid Gutiérrez / Santiago Lago Canzobre / Carlos José Losada López / Cristina Alonso Vilar.

Á espera de incorporación da psicología clínica en Atención Primaria no Plan de Saúde Mental de Galicia.

- **Grupo de Traballo para o Tratamento de Trastornos Mentais Severos:**

As persoas integrantes deste grupo son:

Luis Carlos Álvarez García (coordinador) / Noemí Adan Zúñiga / Yolanda Castro Casanova / Almudena Campos González / Manuel Castro Bouzas / Alba Fernández Revaldería / M^a Soledad Filgueira Bouza / Adalberto Iglesias Doval / Carlos José Losada López / Inmaculada Sangiao Novio / M^a Jesús Vázquez Carreira / José Ignacio Vázquez Rodríguez / Sara Cabezudo Fernández.

A pesar de ausencia de contido no ano 2020, mantense de cara a organización das XXVI Xornadas da Sección de Psicología e Saúde.

- **Grupo de Traballo para a Atención Psicolóxica en Catástrofes:**

As persoas integrantes deste grupo son:

Cristina Prieto Fernández (coordinadora) / Alicia Carballal Fernández / Alejandra Rey Pousada / Xiana Campos Mouriño / Carolina Sanmartino Arias / Andrea Navarro Marcos.

Pendente a análise da presente crise pola Covid-19 en coordinación con outras entidades internas e externas ao COPG.

■ Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal:

Composición:

Andrea Rodríguez Freire, coordinadora

(ata 16 de decembro de 2020)

Natalia Guedella Sebastián, coordinadora

(desde 17 de decembro de 2020)

Iria Carnoto Figal

Sandra M^a Fernández Román

Hadriana Ordóñez Otero



Imaxe da campaña sobre a violencia obstétrica realizada por iniciativa deste grupo

■ Grupo de Traballo de Trauma e EMDR:

A Constitución do grupo o 25 de marzo de 2020.

As persoas integrantes son:

M^a Jesús Taboada Costas / Isabel Varela / Isabel Aneiros Loureiro / Mar Rodríguez Martínez / Belén Peña Pintané / Soledad Ozores Dopereiro / Rebeca Lago Moreira

- e) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.
- f) Participación en representación do COPG en diferentes artigos de medios de comunicación.
- g) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía.
- h) Asistencia ás actividades celebradas desde a plataforma de SOS Sanidade Pública.
- i) Contribucións ao documento *Achegas da Psicoloxía á postemerxencia da COVID-19*.

6.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 29 de xaneiro
- 26 de febreiro
- 16 de marzo
- 17 de abril
- 8 de maio
- 10 de xuño
- 8 de xullo
- 22 de setembro
- 26 de novembro
- 26 de novembro
(Asemblea de socios e socias)
- 7 de decembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Manuela del Palacio García

Presidenta

Ana M^a Ulloa Lage

Vicepresidenta

M^a Asunción Teijeira Bautista

Secretaria

M^a Begoña Castro Iglesias

Tesoureira

Purificación Alberte Iglesias

Nuria Lago Fernández

Concepción López Martín

Vogais

ACTIVIDADES

a) Documentación elaborada:

- Recomendacións do COPG para a comunidade educativa con motivo da emerxencia sanitaria do COVID-19. Enviado a todos os centros educativos de Galicia.
- Axenda para adolescentes confinados.



Infografía axenda para adolescentes confinados



Infografía preparándonos para saír a rúa

- Preparándonos para saír a rúa, para que as primeiras saídas dos nenos e nenas tras o confinamento sexan experiencias positivas.
- Participación na elaboración dos Programas Psicoeducativos para a postemerxencia en centros educativos de Infantil e Primaria, e de Secundaria e Bacharelato. Foi remitido a todos os COPs, centros educativos e á Consellería de Educación.
- Infografía sobre o bullying: “A psicoloxía educativa, clave na prevención do bullying, as boas prácticas de convivencia escolar reducen o acoso nos centros educativos”.
- Participación na elaboración que publicou a Xunta de Galicia da Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.
- Documento argumentativo sobre a materia de Psicoloxía en contestación ao coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo, Víctor Manuel Torrado Oubiña. Función que corresponde non ao profesorado de Filosofía senón aos especialistas en Psicoloxía Educativa.

b) Documentación elaborada:

- Comunicado sobre as bolsas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Sección Psicoloxía Educativa co asesoramento da avogada do COPG, Cecilia Barros Díaz.

b) Participación nas Comisións intersectoriais de Mediación e de Xénero.

c) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía.

d) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.

e) Participación en representación do COPG en diferentes artigos de medios de comunicación.

f) Contribucións ao documento Achegas da Psicoloxía á postemerxencia da COVID-19.

6.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 30 de xullo
- 27 de outubro
- 11 de decembro
(Asemblea de socios e socias)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA ATA O 25 DE SETEMBRO

Dolores Seijo Martínez
Presidenta

María Penado Abelleira
Vicepresidenta

M. Milagros Martínez García
Secretaria

María Filomena Garrido Blanco
Tesoureira

Ricardo Fandiño Pascual
Concepción Fernández Martínez
Lucía Monroy Fernández
M^a Alba Sousa González
Vogais

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DESDE 26 DE SETEMBRO

Dolores Seijo Martínez
Presidenta

Milagros Martínez García
Vicepresidenta

Concepción Fernández Martínez
Secretaria

María Alba Sousa González
Tesoureira


Manuel Vilariño Vázquez
María Filomena Garrido Blanco
Ricardo Fandiño Pascual
Lucía Monroy Fernández
Nuria González Lois
Vogais

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Obradoiro “Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual”
Data: 13 de xuño.
Modalidade online.
Coordinadoras: Alba Sousa González.
Relatora: Silvia Pérez Freire. Doutora en Socioloxía e investigadora social especializada en Violencia de Xénero.
- Obradoiro “Bases conceptuais e operativas do perfilado e análise da conduta criminal”
Data: 4, 11, 18 de decembro.
Modalidade online.
Coordinadoras: Filomena Garrido Blanco e Milagros Martínez García.
Relator: César San Juan Guillén. Profesor de Psicoloxía Criminal e de Psicoloxía Xurídica na Universidade do País Vasco. Director do Centro Internacional de Investigación sobre a Delincuencia, a Marxinalidade e as Relacións Sociais.

- b) Participación nas Comisións intersectoriais de Deporte, de Mediación e de Xénero.
- c) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía.
- d) Achea de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.
- e) Contribucións ao documento Achegas da Psicoloxía á postemerxencia da COVID-19.



Portada do documento Achegas da Psicoloxía á postemerxencia da COVID-19

6.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 28 de xaneiro
- 22 de abril
- 9 de decembro
(Asemblea de socios e socias)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Carlos Montes Piñeiro

Presidente

José Ortuño Vilurbina

Vicepresidente

Ana Ma Entenza Vidal

Secretaria

Antonio Esteban Fuertes Saaveda

Tesoureiro

José Luis Domínguez Rey

Julio González Morandeira

Sandra Iglesias Rodríguez

Paloma Muñoz Díaz-Castroverde

Vogais

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Webinar “O teletraballo en tempos de COVID-19: implantación e xestión”
Data: 9 de xuño.
Organizado en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña (CEC)
Modalidade Online
Relator: José Ortuño Vilurbina (G-1965), psicólogo e asesor de Desenvolvemento e Aprendizaxe.

b) Grupos de Traballo:

- Grupo de Traballo Orientación Sociolaboral: Avaliación, Desenvolvemento de Carreira, *Counseling* e Intervención
Composición: Ma del Carmen Patiño García (coordinadora), José Manuel Campal Fernández, Mónica Couso Fuentes, Sofía Díaz Martínez, Ma Teresa Hermo López e Ma Concepción Prado Álvarez.

c) Publicacións

- Elaboración de decálogos para reunións eficaces e telereunións. 8 de maio.
- Artigo “FAQ sobre o teletraballo”. 7 de xullo.
- Elaboración artigo Recursos prácticos para o teletraballo. 7 de xullo.



Decálogos para reunións eficaces

- Recomendacións da psicoloxía para o teletraballo. 27 de outubro.
 - Contribucións ao documento Achegas da Psicoloxía á postemerxencia da COVID-19.
- d) Participación en distintos medios de comunicación con entrevistas no ámbito da psicoloxía do traballo e das organizacións.
 - e) Colaboración na organización da actividade Tempo da Psicoloxía.
 - f) Reunión telefónica da Comisión de Seguimento do convenio de colaboración co Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA). 28 de outubro.
 - g) Reunión telefónica da Comisión de Seguimento do convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC).
 - h) Participación nas Comisións intersectoriais de Deporte, de Mediación, de Xénero, e de Transformación Dixital.
 - i) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía.
 - j) Participación na Comisión para a reforma dos Estatutos do COPG.
 - k) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
 - l) Mantemento da Plataforma Interactiva de Traballo de PTO.
 - m) Asistencia á reunión de representantes interterritoriais de PTO coa coordinadora da División de PTORH do Consejo General de la Psicología, celebrada en modalidade online o 20 de abril.

6.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 8 de febreiro
- 4, 6, 13 de maio
- 18 de xuño
- 5 de setembro
- 2, 24 de novembro
- 14 de novembro
(Asemblea de socios e socias)
- 21 de decembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

M^a Leonor Galiana Caballero

Presidenta

Susana Costas Duráno

Vicepresidenta

M. Carmen Patiño García

Secretaria

J. M. Elena Seoane de la Fuente

Tesoureira

M^a Elena Bastos Expósito

M^a Consuelo Cajide Labandeira

Rocío Carballeira Martínez

María Lueiro Mendoza

M. Celeste Porto Gómez

Vogais

GRUPO DE TRABAJO DE PSICÓLOGOS E PSICÓLOGAS DOS CIMs

O Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM's está formado por profesionais da psicoloxía que teñen como principais obxectivos dar visibilidade profesional e social ao traballo levado a cabo polos CIMs, promover unha formación especializada para as e os profesionais dos mesmos, consensuar criterios de actuación e avaliación, mellorar estruturas e coordinación para unha abordaxe máis integral e elaborar unha guía de documentación común para a práctica.

Reunións

O grupo de traballo reuniuse en 4 ocasións:

- 24 de xaneiro
- 30 de abril
- 6 de xullo
- 1 de outubro

COMPOSICIÓN

Cristina García Núñez, *coordinadora*

Lidia Fazanes Estévez

M^a Jesús López Agra

José Manuel Valdivia Moreno

Beatriz Monroy Cardoso

Susana Costas Durán

Margarita de la Calle Bermejo

M^a Consuelo Cajide Labandeira

Carolina Iglesias Vázquez

GRUPO DE TRABAJO DE PSICOLOXÍA DO ENVELLECIMENTO

COMPOSICIÓN

Guadalupe Oroña Quintáns, *coordinadora*

María Lucero Mendoza

Pedro Santamaría Gargamala

Arturo José Pereiro Rozas

Iria Gándara Patiño

Gemma Aneiros Pardo

Romina Mouriz Corbelle

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso “Atención psicolóxica e intervención en violencia de xénero”.

Data: 7 de marzo.

Coordinación: M^a Consuelo Cajide Labandeira e José Manuel Valdivia Moreno.

Relatora: Mariangeles Álvarez García. Licenciada en Filosofía e Letras, Sección Psicoloxía no 1989 pola Universidad Pontificia de Comillas ICAI-ICADE de Madrid. Psicóloga sanitaria e psicoterapeuta.



Imaxe do curso Atención Psicolóxica e intervención en violencia de xénero

- Tres edicións do “Seminario online “Introdución á Terapia Centrada na Compañón”.
 Datas: 29 de xuño, 28 de setembro, 26 de outubro.
 Modalidade online.
 Coordinadora: Susana Costas Durán.
 Relatoras: Andrea Ferrari Rodríguez, G-5680. Psicóloga do Programa de Acollemento Familiar de Cruz Vermella Santiago. Ana Paula Martínez Figueiras, G-3320. Psicóloga sanitaria con formación e experiencia na atención sanitaria así como no contexto de protección á infancia. Terapeuta familiar e especialista en adopción, postadopción e acollemento familiar. Membro da Rede de Profesionais de Primeira Alianza.
- Seminario “O apego desde o contexto de protección á infancia”.
 Datas: 21 e 28 de novembro.
 Modalidade online.
 Coordinadora: Susana Costas Durán.
 Relatoras: Andrea Ferrari Rodríguez, G-5680. Psicóloga do Programa de Acollemento Familiar de Cruz Vermella Santiago. Ana Paula Martínez Figueiras, G-3320. Psicóloga sanitaria con formación e experiencia na atención sanitaria así como no contexto de protección á infancia. Terapeuta familiar e especialista en adopción, postadopción e acollemento familiar. Membro da Rede de Profesionais de Primeira Alianza.
- Sesión formativa “A participación cidadá fronte a crise ecolóxica”.
 Data: 14 de novembro.
 Modalidade online.
 Coordinadora: Leonor Galiana Caballero.
 Relatora: Cristina Gómez Román, (G-6106). Profesora axudante doutora do Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- Sesión formativa “O profesional da psicoloxía nos centros de maiores. Adaptándonos aos novos retos”.
 Data: 19 de decembro.
 Modalidade online.
 Coordinadora: Elena Seoane de la Fuente.
 Relatora: María Lueiro Mendoza.
- b)** Participación nas reunións do Consello Galego de Benestar Social da Xunta de Galicia os días 10 de febreiro e 10 de decembro.
- c)** Asistencia á reunión da División de Psicoloxía da Intervención Social do Consejo General de la Psicología o 14 de novembro, modalidade online.
- d)** Asistencia ás reunións do Consello Sectorial de Inclusión Social do Concello da Coruña os días 20 de febreiro e 15 de decembro.
- e)** Participación nas Comisións intersectoriais de Deporte, de Mediación e de Xénero
- f)** Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía.
- g)** Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web
- h)** Contribucións ao documento Achegas da Psicoloxía á postemerxencia da COVID-19.

7. COMISIÓNS

7.1. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN

A Comisión Intersectorial de Mediación está formada por unha persoa de cada unha das Seccións nomeada por cada unha destas.

A Comisión ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicación da mediación tanto entre as colexiadas e colexiados como nas institucións e na sociedade en xeral.

COMPOSICIÓN

Hipólito Puente Carracedo

Coordinador

Noemí Silva Álvarez

Sección de Psicoloxía e Saúde

Ana M^a Ulloa Lage

Sección de Psicoloxía Educativa

M^a Elena Bastos Expósito

Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Carlos Montes Piñeiro

Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

M^a Dolores Seijo Martínez (ata 10/12/2020)

Nuria González Lois (desde 11/12/2020)

Sección de Psicoloxía Xurídica

Eva Muíño Gómez (ata 1 de setembro de 2020)

Cristina Torrado Tarrío (desde 2 de setembro 2020)

Grupo de Tráfico e da Seguridade

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso “Actualización para mediadores/as: Modelo de competencia: un modelo práctico de aplicación da mediación”

Datas: 23 de outubro, 6 e 20 de novembro.

Modalidade online

Coordinador: Hipólito Puente Carracedo.

Relator: Francisco Iglesias Miranda. Mediador e psicólogo.

- b) Análise do desenvolvemento dos distintos convenios.
- c) Valoración de expedientes de solicitudes de inscrición no Rexistro de Mediadores do COPG.
- d) Valoración de expedientes de solicitudes de inscrición na listaxe de mediadores e mediadoras (Servizo de Mediación Intraxudicial).
- e) Protocolo de prácticas nos Servizos de Mediación Intraxudicial

7.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

Está composta por unha persoa de cada unha das seccións xunto coa coordinadora da Comisión dos Centros de Información á Muller (CIM) e as persoas coordinadoras dos Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e Abramsos o Círculo.

Esta Comisión pretende avanzar e afondar nos cambios sociais e profesionais que contribúen a facer realidade o principio de igualdade entre mulleres e homes no ámbito da nosa profesión.

Nace do convencemento de que as políticas de igualdade benefician ao conxunto da poboación e son necesarias para avanzar cara unha sociedade máis xusta e máis igualitaria. O obxectivo xeral é contribuír á corrección da discriminación das mulleres propoñendo unha serie de actuacións concretas que camiñen cara a igualdade real. Para conquistar este obxectivo é necesaria unha actuación conxunta desde os diferentes ámbitos da psicoloxía ou, expresado doutro xeito, contemplar a cuestión de xénero como un eixo transversal das actuacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 28 de xaneiro
- 3 de marzo
- 5 de maio
- 2 de xuño
- 30 de xullo
- de setembro
- 10 de novembro

COMPOSICIÓN

Fátima López Rodríguez

Coordinadora

Coordinadora da Quenda de Garda Psicolóxica

Especializada en Violencia de xénero

M^a Begoña Castro Iglesias (ata 1 de xuño de 2020)

Concepción López Martín (desde 2 de xuño de 2020)

Sección de Psicoloxía Educativa

Mercedes Fernández Cabana

Sección de Psicoloxía e Saúde

Sandra Iglesias Rodríguez (ata 20 de xaneiro de 2020)

Carlos Montes Piñeiro (desde 28 de xaneiro de 2020)

Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Concepción Fernández Martínez

Sección de Psicoloxía Xurídica

M^a Luz Losada Somoza

Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (desde o 12 de marzo)

M^a Consuelo Cajide Labandeira

Sección de Psicología da Intervención Social

Rubén Villar Trencó

Coordinador do Programa Abramos o Círculo

Cristina García Núñez

Coordinadora Grupo de Traballo dos CIMs

Andrea Rodríguez Freire

Grupo de Traballo de Psicología Perinatal

ACTIVIDADES

a) Vozes

Con motivo do 25 de novembro o Colexio Oficial de Psicología de Galicia celebrou por motivos da Covid- 19 o encontro virtual de “Vozes contra a violencia!”, en colaboración coa Comisión de Cultura do COPG. Durante uns días a través das redes sociais do Colexio fóronse compartindo creacións artísticas co obxectivo de sensibilizar sobre as violencias machistas.

Un encontro de voces poéticas, musicais e artísticas en xeral, arredor do Día Internacional contra a violencia machista.

- b) Participación na campaña "En negro contra as violencias", para sensibilizar sobre compromiso coa loita contra a violencia de xénero.
- c) Observatorio de prensa en materia de xénero.
- d) Elaboración de diversos comunicados.
- e) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
- f) Elaboración e actualización do protocolo de actuación ante noticias relacionadas coa violencia de xénero nos medios de comunicación. Mantivéronse varias reunións coa Asociación de Mulleres Periodistas Galegas para traballar conxuntamente no protocolo de actuación.
- g) Contribucións ao documento Achegas da Psicología á postemerxencia da COVID-19.

7.3. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

COMPOSICIÓN

M^a Dolores González Fernández
Coordinadora

Eva M^a García Quinteiro

Graciela Lois Río

Julio Manuel Prol Bao

Constantino Arce Fernández

Delfina Vicente Santiago

Sección de Psicoloxía e Saúde

Purificación Alberte Iglesias

Sección de Psicoloxía Educativa

Antonio Esteban Fuertes Saavedra

Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

M^a Celeste Porto Gómez

Sección de Psicoloxía da Intervención Social

M^a Dolores Seijo Martínez

Sección de Psicoloxía Educativa

REUNIÓN

- 16 de outubro

ACTIVIDADES

- a) Participación na Comisión de Valoración Autonómica da Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Deporte, o 14 de xullo e 23 de outubro.
- b) Asistencia á reunión da Comisión Coordinadora da División de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte (PACFD) do Consejo General de la Psicología o 14 de xullo.
- c) Xuntanza da Comisión Galega de Control da Violencia en Santiago de Compostela o 31 de xullo.
- d) Asistencia á reunión coa Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA) o día 3 de decembro.
- e) Participación da coordinadora no foro “Lugo co deporte: deporte con corazón”.
- f) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
- g) Contribucións ao documento Achegas da Psicoloxía á postemerxencia da COVID-19.

7.4. COMISIÓN DE CULTURA

COMPOSICIÓN

Concepción Rodríguez Pérez

Coordinadora

José Luis Domínguez Rey

José Manuel Oreiro Blanco

ACTIVIDADES

- a) Aprazamento do XIII Concurso Literario de Poesía e Narrativa do COPG Rosa de Cen Follas, por motivo da Covid-19.
- b) Colaboración coa Comisión Intersectorial de Xénero do COPG no Encontro "Vozes contra a violencia!", celebrado con motivo do 25N en modalidade online.
- c) Achea de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

7.5. COMISIÓN DE ACREDITACIÓN PARA O EJERCICIO DE ACTIVIDADES SANITARIAS

Comisión creada pola Xunta de Goberno para atender a necesidade de valorar o currículo formativo consonte o regulado na disposición adicional sétima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, de Saúde Pública pola que se mantén o procedemento transitorio previsto no número 2 da disposición adicional sexta da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social en relación ao exercicio de actividades sanitarias realizadas por titulados e tituladas universitarias de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

COMPOSICIÓN

Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG*

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *vicesecretaria do COPG*.

(Acudiu en substitución de Ana I. Martínez)

José Eduardo Rodríguez Otero, *presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde*

Alicia Carballal Fernández, *vicepresidenta da Sección de Psicoloxía e Saúde*

ACTIVIDADES

Reuniuse en 3 ocasións en 2020. Resolvéronse 10 expedientes positivos e 3 negativo.

7.6. COMISIÓNS DE VALORACIÓN AUTONÓMICAS DAS ACREDITACIÓNS PROFESIONAIS DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA

REUNIÓN

■ 10 de febreiro

Valorouse 1 expediente, téndose requirido documentación adicional á interesada.

Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes**:

Composición: Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / Ana M^a Núñez Rubines, *coordinadora do GIPCE* / Olegaria Mosqueda Bueno, *membro da Comisión Coordinadora do GIPCE* / Julita M^a Touriño Araújo, *membro da Comisión Coordinadora do GIPCE*

■ Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicooncoloxía e/ou Psicoloxía en Coidados Paliativos**:

Composición: Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / Víctor Manuel Torrado Oubiña, *vogal da Xunta de Goberno do COPG. e coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde* / José Eduardo Rodríguez Otero, *presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde* / Noelia Pita Fernández, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicoloxía e Saúde* / Sabela Maceda García, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicoloxía e Saúde* / Rebeca Deus Fernández, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicoloxía e Saúde*

■ Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Deporte**:

Composición:

Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *vicesecretaria do COPG e coordinadora coa Comisión de Psicoloxía do Deporte* / M^a Dolores González Fernández, *coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte* / Constantino Arce Fernández, *membro da Comisión de Psicoloxía do Deporte*

■ Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía Aeronáutica**:

Composición:

Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / Evangelina Muíño Gómez, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade* / M^a Jesús Sánchez Peteiro, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade* / Carlos Gestal Gestal, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade*

■ Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía Educativa**:

Composición:

Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *vicesecretaria do COPG* (En

substitución de Ana I. Martínez Arranz) / Hipólito Puente Carracedo, *vicedecano do COPG e coordinador coa Sección de Psicoloxía Educativa* / Manuela del Palacio García, *presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa* / Ana M^a Ulloa Lage, *vicepresidenta da Sección de Psicoloxía Educativa* / M^a Asunción Teijeira Bautista, *secretaria da Sección de Psicoloxía Educativa* / Purificación Alberte Iglesias, *vogal da Sección de Psicoloxía Educativa*.

REUNIÓN

■ 10 de xaneiro

Valoráronse un total de 8 expedientes, informándose de xeito positivo.

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía da Intervención Social**:
Composición: Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / José Manuel Oreiro Blanco, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinador coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social* / M^a Jesús López Cernandas, *presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social* / M^a Leonor Galiana Caballero, *vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social* / M^a Celeste Porto Gómez, *secretaria da Sección de Psicoloxía da Intervención Social*
- Durante o ano 2020, atopase dispoñible a **Acreditación Profesional de Psicólogo Experto en Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade** e a **Acreditación Profesional de Psicólogo Experto en Psicoloxía Xurídica e/a Psicoloxía Forense** do Consejo General de la Psicología.

8.

GRUPOS
DE TRABAJO8.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS

Reunión virtual da comisión coordinadora

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 13 de xaneiro
- 10 de febreiro
- 9 de marzo
- 29 de xuño
- 27 de xullo
- 14 de setembro
- 19 de outubro
- 9 de novembro
- 7 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Ana M^a Núñez Rubines
Coordinadora

Julita M^a Touriño Araújo
Secretaria

M^a Carmen González Hermo
Concepción López Martín
Lorena Nieto Iglesias
Olegaria Mosqueda Bueno

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso “Atención telefónica”.

Data: 17 de outubro.

Modalidade online.

Coordinadora: Julita M^a Touriño Araújo.

Relatora: Lourdes Fernández Márquez. Psicóloga Xeral Sanitaria. Experta en psicoloxía de intervención en crise e emerxencias. Acreditada polo Consejo General de la Psicología de España. Integrante do Comité

Coordinador da Rede Iberoamericana de Psicoloxía de Emerxencias.
 Membro da Rede Nacional de Atención a Vítimas do Terrorismo.
 Interveniente en emerxencias como o atentado nas Ramblas de Barcelona, o accidente aéreo de Spanair, o terremoto de Haití, o 11-M, secuestros terroristas e conflitos armados.

- Curso “Multiculturalidade e intervención psicolóxica en situacións de emerxencia”
 Data: 14 de novembro.
 Modalidade online.
 Coordinadora: Ana M^a Núñez Rubines
 Relatora: Dolores Cañossantos Escalante Ojeda. Psicóloga experta en nenos e adolescentes. Experta en Psicoloxía perinatal. Experta en EMDR. Especialista en Mediación Familiar. Acreditada como experta en psicoloxía de intervención en crise e emerxencias polo Consejo General de la Psicología de España.

b) Intervencións:

Durante 2020 realizáronse 30 intervencións, 24 directas e 6 que foron de asesoramento telefónico.

- **Violencia de xénero:**
 26 e 28 de xaneiro en Lugo.
 2 de decembro en Gondomar (Pontevedra).
- **Centros educativos:**
 3 de febreiro no Porriño (Pontevedra).
 3 de decembro en Vigo.
- **Intervencións en accidentes:**
 7, 8, 10 e 27 de xullo en Porto do Son e Noia (A Coruña).
 13 de novembro en Marín (Pontevedra).
 17 de novembro en Burela (Lugo).
- **Accidentes de tráfico:**
 12 de xaneiro en Campelo (Poio).
 15 de xullo en Rábade (Lugo).
 29 de xullo en Irixoa (A Coruña).
 21 de setembro en Coruxo (Vigo).
 27 de novembro en Ribeira (A Coruña).
 23 de decembro en Vigo (Pontevedra).
 25 de decembro na Coruña.
- **Intervencións en naufraxios:**
 13 de febreiro en Illa da Arousa.
 26 e 28 de febreiro en Nigrán e Baiona.
- **Suicidios:**
 7 de xaneiro en Campelo (Poio).
 15 de xaneiro na Cañiza (Pontevedra).
 26 e 28 de abril en Arzúa (A Coruña).
 2 de agosto en Oleiros (A Coruña).
 6 de outubro en Sarria (Lugo).

6 de outubro en Sada (A Coruña).

23 de outubro en Oleiros (A Coruña).

■ **Simulacros:**

18 e 31 de marzo no aeroporto no aeroporto de Alvedro (A Coruña) e no Aeroporto de Peinador (Vigo), respectivamente. Ambos cancelados por mor da crise sanitaria da Covid-19.

■ **Outras intervencións:**

11 de xaneiro na Coruña.

29 e 30 de marzo en Carballo (A Coruña).

31 de marzo en Rois (A Coruña).

24 de abril en Arzúa (A Coruña).

2 de agosto en Santalla – Ribeira de Piquín (Lugo).

c) Alertas:

19 de xaneiro en San Xoán de Río (Ourense).

26 de xaneiro en Lugo.

25 de febreiro nas Illas Cíes.

9 de marzo en Cangas do Morrazo (Pontevedra).

1 de outubro en Rois (A Coruña).

4 de novembro en Ourense.

5 de novembro na Cañiza (Pontevedra).

25 de decembro en Moaña (Pontevedra).

d) Avisos 112:

5 de xaneiro en Cerceda (A Coruña).

25 de febreiro na Coruña.

9 de marzo en Cangas do Morrazo (Pontevedra).

23 de xuño en Ribeira (A Coruña).

22 de xullo en Covelo (Pontevedra).

22 de agosto en Soutomaior (Pontevedra).

1 de outubro en Malpica (A Coruña).

15 de outubro na Illa da Arousa (Pontevedra).

7 de novembro non consta o lugar.

e) Formación impartida:

Algunhas das actividades formativas previstas neste ano foron suspendidas por motivos da alerta sanitaria da Covid-19.

Así mesmo, impartíronse as seguintes actividades formativas:

- A coordinadora do GIPCE, Ana M^a Núñez Rubines, impartiu a conferencia “Os efectos psicolóxicos durante a pandemia da Covid-19”, dentro do ciclo de conferencias sobre a pandemia do Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela. Celebrado en formato online o 12 de maio.
- A coordinadora do GIPCE, Ana M^a Núñez Rubines, impartiu a conferencia “Benestar emocional en tempos de pandemia”, celebrada desde a Consellería de Sanidade con motivo do Día Mundial da Saúde Mental. En formato online o día 9 de outubro
- O 26 de outubro a coordinadora participou nunha charla – coloquio

dirixida ao alumnado do Grao de Traballo Social da Universidade de Santiago de Compostela.

- A membro da Comisión Coordinadora do GIPCE, M^a del Carmen González Hermo, participou coa comunicación oral “Atención psicolóxica telefónica na alerta sanitaria” que resultou premiada á mellor videocomunicación oral no marco das XXV Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, celebradas o 21 de novembro de 2020 en formato online.

f) Actividades informativas:

Por motivos da pandemia sanitaria da Covid-19 cancelouse a xuntanza anual prevista para o 14 de marzo.

g) Membros GIPCE - COPG e GIPCE-112

O número de membros totais do GIPCE - COPG ao finalizar o ano 2019 foi de 84 persoas, 36 do GIPCE - 112 e 48 membros que non interveñen e están en formación.

Durante o ano 2019 entraron a formar parte do GIPCE - COPG 1 novos integrantes. Estes membros están sendo formados para poder entrar a formar parte do GIPCE - 112.

Comezouse o ano 2019 con 33 membros do GIPCE - 112 e finalizouse cun total de 36 membros.

h) Grupos de traballo

■ Grupo de gardas

Formado por: Ana M^a Núñez Rubines, Aurora Rozadilla Arias, M^a Carmen Patiño García, Concepción López Martín, Elena González Cid, M^a Elena Seoane de la Fuente, Fátima López Rodríguez, Isabel Cabado Fidalgo, Isabel Vázquez Prado, Julita M^a Touriño Araujo, M^a Leonor Galiana Caballero, Lorena Nieto Iglesias, M^a Carmen González Hermo, M^a Luz Losada Somoza, Olegaria Mosqueda Bueno e Soledad Ozores Dopereiro.

Encárganse de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención a emerxencias.

■ Grupo de apoio a intervinientes (GAI)

Formado por: Juan Carlos Prados Moreno, Soledad Ozores Dopereiro (ata 14/09/2020), Lorena Nieto Iglesias (coordinadora do GAI desde 29/09/2020) e Hafdallah Menni Ouali (desde 29/09/2020). Enlace coa Comisión Coordinadora: M^a Carmen González Hermo.

O GAI é un grupo de apoio a intervinientes formado por integrantes do GIPCE e encárganse de proporcionar o soporte psicolóxico necesario a aqueles membros do propio grupo que acaban de participar nunha intervención. A decisión de apoio vai a estar guiada polas características da intervención.

Reunións:

29 de setembro / 29 de outubro / 27 de novembro

■ Grupo de Traballo para Plans de Emerxencia Exterior

Formado por: Ana M^a Núñez Rubines, Elena González Cid (provincia da Coruña), M^a Jesús Lillo Montes (provincia de Lugo), José Ramón García

Gómez (provincia de Ourense) e M^a Luz Losada Somoza (provincia de Pontevedra).

Formado pola coordinadora e os catro membros do GIPCE que figuran como suplentes da mesma en cada unha das provincias. Encárganse de elaborar a documentación necesaria para poder desenvolver as nosas intervencións no caso de que se active algún destes Plans de Emerxencia Exterior (PEE) e da asistencia ás reunións que se convoquen para a preparación do plan da coordinación dos simulacros correspondentes.

■ Grupo de Traballo para Plan de Emerxencias Interno

Formado por: Ana M^a Núñez Rubines e Concepción López Martín. Foron as encargadas de revisar e adaptar o contido para ser revisado posteriormente nas xuntanzas mensuais da Comisión Coordinadora polos demais membros.

■ Grupo de Traballo sobre violencia de Xénero

Formado por membros do GIPCE que tamén forman parte no Programa da Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero: Julita M^a Touriño Araújo (coordinadora), Antonia San Martín García, Juan Carlos Prados Moreno, M^a Luz Losada Somoza e Rubén Villar Trencó.

O grupo ten como finalidade elaborar un protocolo interno con pautas de actuación nas intervencións en emerxencias de violencia de xénero nas que hai morte por asasinato da muller e/ou os seus fillos ou fillas.

Xa está elaborado o díptico informativo pendente do rexistro da propiedade intelectual para a posterior distribución e difusión do mesmo.

■ Grupo de Traballo protocolo de intervención grupal en centros educativos

Este grupo está composto por tres persoas que pertencen ao GIPCE: Lorena Nieto Iglesias, Rubén Villar Trencó e M^a Luz Losada Somoza, e dúas asesoras externas que son Paula Baldomir Gago e Andrea Elena Cortiñas Cimadevila.

Con motivo da pandemia a actividade deste grupo centrouse en elaborar un documento no que se recollen as pautas necesarias para que desde os centros educativos acompañen aos menores a afrontar a situación que estamos vivindo dun xeito saudable. Este traballo foi realizado en colaboración da Sección de Psicoloxía Educativa e outros membros do GIPCE. O resultado foi remitido á Consellería de Educación, e tamén se difundiu nas redes sociais e na web do Colexio.

O grupo segue traballando para adaptar esta documentación a outras situacións críticas que poidan acontecer nos centros educativos.

■ Grupo externo ao GIPCE. Observatorio Postcatástrofe


O GIPCE participa nun grupo de traballo da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que ten como obxectivo elaborar un documento sobre as consecuencias emocionais na poboación despois dunha catástrofe. Durante o ano 2020 remataron o documento que será presentado á Xunta de Goberno do COPG, a continuación dará-lle difusión e presentarase na Consellería de Sanidade. A representante do GIPCE neste grupo é M^a Luz Losada Somoza.

■ Grupo de traballo COVID-19

Durante os meses de marzo e xuño establecéronse varios grupos de traballo para dar resposta ás peticións recibidas desde distintos colectivos pro-



Vídeo realizado por membros do GIPCE para as redes sociais do COPG “Queda na casa”



Díptico recomendación para a atención psicológica telefónica a través do 112 COVID-19

fesionais, co obxectivo de elaborar documentación e recomendacións precisas para afrontar a pandemia sen comprometer o seu benestar emocional.

Esa documentación pode consultarse a través do seguinte enlace:

<https://copgalicia.gal/novas/xeral/materiais-e-recursos-utiles-desde-psicologia-con-motivo-da-emergencia-sanitaria>

Servizo de atención psicolóxica a través do 112 para toda a poboación pola emerxencia sanitaria por coronavirus

O día 6 de abril, a Xunta de Galicia puxo en marcha un dispositivo de atención psicolóxica a través do 112, dirixido a toda a poboación galega, para atender o grave impacto no benestar psicolóxico e na saúde mental que ten esta emerxencia sanitaria pola Covid- 19. Este servizo foi prestado a través dos e das profesionais do GIPCE e estivo en funcionamento ata o 14 de xuño.

Para a coordinación deste dispositivo o GIPCE tivo xuntanzas informativas cos membros participantes no dispositivo os días 5 e 29 de maio e 25 de xuño.

i) Convenios

Un ano máis renovouse a sinatura do convenio de colaboración para o 2020 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia en materia de protección civil, para dar unha resposta psicolóxica en emerxencias e catástrofes.

Ademais, con motivo da situación de alarma da covid-19, asínase un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o COPG en materia de protección civil, para dar un servizo de atención psicolóxica telefónica á situación de emerxencia sanitaria producida polo covid-19. O dispositivo deu por finalizado o 14 de xuño, estivo atendido por membros do GIPCE con especialidade en psicoloxía clínica, habilitación para o exercicio de actividades sanitarias ou Máster en Psicología Xeral Sanitaria. Neste dispositivo foron atendidas 700 chamadas derivadas do 112.

- j) Achea de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
- k) Participación na Comisión de Valoración Autonómica da Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicología en Emerxencias e Catástrofes.
- l) Participación na Comisión de Valoración de novas solicitudes de ingreso ao GIPCE.

8.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

REUNIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 27 de febreiro
- 25 de xuño
- 1 de setembro
- 5 de decembro

REUNIÓN DO GRUPO DE TRÁFICO

Celebráronse nas seguintes datas:

- 26 de setembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez

Coordinadora

Eduardo Anoeta Rodríguez

Pilar Casal Devesa

Rosa M^a Domínguez Cameán

Alejandro González Piñeiro

María Mariño Barca

M^a Jesús Sánchez Peteiro

Diego Antelo Guerra (desde marzo 2020)

Adriana Rodríguez Crespo (desde outubro 2020)

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Atención e movementos oculares

Data: 26 de setembro.

Modalidade online.

Relator: Manuel J. Blanco Rial. Profesor de psicoloxía experimental na Facultade de Psicoloxía da USC. Especialista no deseño de probas psicofísicas para a avaliación da percepción e atención visual.

b) Intervencións:

Xornadas de Concienciación TASEVAL

Neste ano organizáronse tres intervencións con grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa seguridade viaria que foron cancelados por motivos da alarma sanitaria da COVID-19:

- Grupo 1 en Ferrol, previsto para os meses de febreiro a abril.
- Grupo 2 en Santiago de Compostela, previsto para os meses de maio a xuño.
- Grupo 3 en Ferrol, previsto para os meses de setembro e novembro.

SEVIME

Este programa lévase desenvolvendo desde o ano 2010 en colaboración coas Policía Local de Vigo e Pontevedra para dar resposta ás penas relacionadas co tráfico e a seguridade viaria con menores.

En 2020 estaba previsto levar a cabo unha intervención no mes de setembro, en colaboración coa Policía Local de Vigo, que tivo que ser cancelada con motivo da COVID-19.

PSICOVIAL

A primeiros de setembro deu comezo a sexta edición do programa Psicoivial en Santiago de Compostela, en formato programa longo e grupo pequeno, que ten unha duración de 6 meses engadidos aos dous meses anteriores as Xornadas de Concienciación. Neste caso o grupo estivo composto por catro asistentes, de novo todos varóns con idades entre 25 e 55 anos.

Este programa segue a desenvolverse a razón dunha sesión semanal de 2 horas de duración cada sesión. Intercálanse sesións individuais con sesións grupais así como, sesións individuais de seguimento. Coordinan esta intervención M^a Jesús Sánchez Peteiro e Eva Muíño Gómez. Nesta edición non asisten observadores debido ao baixo número de compoñentes do grupo para non interferir na participación dos asistentes.

c) Grupo para a elaboración do protocolo de actuación en Amaxofobia

Grupo para a elaboración do protocolo de actuación en Amaxofobia en colaboración coas autoescolas.

Membros do Grupo: Eva Muíño Gómez / Diego Antelo Guerra / Fernando Ferro Ares / Patricia García Pérez / Marta García Veiga / Diego Lorenzo Torres / Nely Rodríguez Rodríguez

d) Elaboración de materiais con motivo do COVID-19, intentando aportar un grao de area desde o Tráfico e a Seguridade. Achegamos dous tipos de documentos:

Mobilidade solidaria: quilómetro cero. Un tríptico global, cunhas pinceladas para varios colectivos coa idea de dar unha visión global da área.

[Versión en galego](#)

[Versión en castelán](#)

Seis presentacións, dirixidas a cada colectivo dos apuntados no global, que simplifican a mensaxe dunha maneira máis fresca visualmente e cun formato máis adaptable para difundir nos diferentes medios e presentacións:

[Cans potencialmente perigosos](#)


[Condutores/as agrícolas](#)

[Condutores/as particulares e noveis](#)

[Condutores/as profesionais](#)

[Peóns e familias](#)

[Profesionais da seguridade](#)



Portada do tríptico Mobilidade solidaria: quilómetro cero

- e) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
- f) Asistencia á reunión da División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología no mes de febreiro (presencial), abril e novembro, modalidade online.
- g) Contribucións ao documento Achegas da Psicoloxía á postemerxencia da COVID-19.
- h) Participación na Comisión de Valoración de solicitudes de acceso ao Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG.
- i) Constitución da Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade.
- j) Participación do Grupo de Tráfico e da Seguridade no Webinar “Quedamos ás oito”.
- k) Participación en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.
- l) Asistencia ás reunións de traballo para o proxecto europeo Pro.Vi.

9.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

9.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO



Coordinadora do PPMVX

Este programa sitúase no marco do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Vénse renovando anualmente desde o ano 2004.

COORDINADORA

Mª Luz Losada Somoza

ACTIVIDADES**a) Formación:**

Impartida conxuntamente co Programa Abramsos o Círculo.

- Xornada interna “Casuísticas á hora de emisión de informes e posibles”

Data: 15 de febreiro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Mª Luz Losada Somoza.

Relatora: Cecilia Barros Díaz. Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Avogada con máis de dez anos de experiencia na defensa e asistencia letrada na violencia de xénero. Asesora Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

- Curso “Abordaxe psicoterapéutico da dependencia interpersonal e os problemas de apego en adultos”

Datas: 6 e 7 de novembro.

Modalidade online

Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Mª Luz Losada Somoza.

Relator: Arun Mansukhani, psicólogo especialista en psicoloxía clínica, sexólogo e consultor europeo e facilitador de EMDR.

b) Intervencións:

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 70 profesionais en toda a comunidade.
- Solicitan intervención ao longo do ano 411 mulleres; foron admitidas



Curso Casuísticas á hora de emisión de informes e posibles

379 das cales 338 inician intervención, e 354 tiñan denuncia interposta. Un total de 319 mulleres tiñan orde de protección.

- Realízase dúas intervencións a través do protocolo conxunto entre o PAPMVX e o GIPCE:
 - 26 de xaneiro na Pastoriza (Lugo).
 - 2 de decembro en Gondomar (Pontevedra).
- Activación do protocolo de atención psicolóxica con intérprete de lingua de signos para persoas xordas e xordocegas, o día 1 de abril.

c) Reunións informativas para novos e novas terapeutas do Programa:

- Desenvolveuse unha xornada informativa para os novos e novas terapeutas que se incorporan aos Programas:
 - 30 de xuño

d) Actividades desenvolvidas pola coordinadora:

- Ao longo do ano, a coordinadora do Programa mantivo reunións cunha periodicidade variable con Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa Abramos o Círculo, co obxectivo de organizar as diferentes formación e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas.
- A coordinadora, M^a Luz Losada Somoza, participou como asistente na Xornada da Comisión da Muller do CERMI Galicia, celebrada o 10 de marzo
- Ao longo do mes de marzo e finais de abril celebráronse diferentes xuntanzas coa decana do COPG, coa asesora xurídica do COPG así como co coordinador de Abramos o Círculo para poder adaptar a intervención terapéutica a situación de emerxencia sanitaria e estado de alarma declarado o día 16 de marzo. Elaborándose diferentes protocolos e documentación para esta situación excepcional e facendo seguimento das medidas tomadas.
- Xuntanzas co coordinador do Programa Abramos o Círculo, para iniciar o funcionamento do portelo de comunicación interna dos Programas. Celebrada o 4 de xuño e 23 de decembro.

9.2. PROGRAMA “ABRAMOS O CÍRCULO”

É un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, e dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade. Vénse renovando anualmente desde 2001.



Coordinador do programa
Abramos o círculo

COORDINADOR

Rubén Villar Trencó

ACTIVIDADES

a) Formación:

Impartida conxuntamente co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.

- Xornada interna “Casuísticas á hora de emisión de informes e posibles Data: 15 de febreiro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Coordinadores: Rubén Villar Trencó e M^a Luz Losada Somoza.

Relatora: Cecilia Barros Díaz. Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Avogada con máis de dez anos de experiencia na defensa e asistencia letrada na violencia de xénero. Asesora Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

- Curso “Abordaxe psicoterapéutico da dependencia interpersonal e os problemas de apego en adultos

Datas: 6 e 7 de novembro.

Modalidade online

Coordinadores: Rubén Villar Trencó e M^a Luz Losada Somoza.

Relator: Arun Mansukhani, psicólogo especialista en psicoloxía clínica, sexólogo e consultor europeo e facilitador de EMDR.

b) Reunións informativas para novos e novas terapeutas do

Programa:

- Desenvolveuse unha xornada informativa para os novos e novas terapeutas que se incorporan aos Programas:
30 de xuño.

c) Intervencións:

O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 47 profesionais en toda Galicia.

Solicitan intervención ao longo do ano 126 homes, dos cales foron admitidos 70.

d) Actividades desenvolvas polo coordinador:

- Ao longo do ano, o coordinador do Programa mantivo reunións cunha periodicidade variable con M^a Luz Losada Somoza, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, co obxectivo de organizar as diferentes formación e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas.
- O coordinador do Programa asistiu a unha xuntanza xunto coa decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada e a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para abordar entre outras cuestións o convenio que rexe este servizo.
- O coordinador do Programa participa no Proxecto Europeo Pro. Vi de protección dos dereitos humanos das vítimas. Celebrada o día 10 de marzo, 28 de xullo, 17 de setembro, 1 e 10 de outubro.
- Participación en entrevistas sobre a atención psicolóxica a homes que adoptan actitudes inadecuadas en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.
- Ao longo do mes de marzo e finais de abril celebráronse diferentes xuntanzas coa decana do COPG, coa asesora xurídica do COPG así como coa coordinadora do PAPMVX para poder adaptar a intervención terapéutica a situación de emerxencia sanitaria e estado de alarma declarado o día 16 de marzo. Elaborándose diferentes protocolos e documentación para esta situación excepcional e facendo seguimento das medidas tomadas.
- Participación nas xuntanzas celebradas da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.
- Xuntanza coa coordinadora do PAPMVX, para iniciar o funcionamento do portelo de comunicación interna dos Programas. Celebrada o 4 de xuño e 23 de decembro.
- Participa na xuntanza da Área de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología, celebrada en modalidade online o 20 de novembro.

9.3. PROGRAMA DA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA EN VIOLENCIA DE XÉNERO

En 2020 renovouse o convenio de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a posta en marcha dun servizo de Quenda de Garda Psicolóxica Especializada e Permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores, que sofren violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.



Coordinadores da Quenda

COORDINADORES

Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó

ACTIVIDADES

a) Intervencións

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 29 profesionais en toda a comunidade.
- Actívase o servizo en 64 ocasións:
 - Atención a seis usuarias, a solicitude da Garda Civil de A Coruña.
 - Atención a unha usuaria, a solicitude da Garda Civil de Ponteareas.
 - Atención a unha usuaria, a solicitude da Policía Nacional de Ourense.
 - Atención a cincuenta e cinco usuarias e catro menores, a solicitude en dúas ocasións da Garda Civil e cincuenta e tres da Policía Nacional en Vigo.
 - Atención a unha usuaria, a solicitude da Policía Nacional de Pontevedra.



Momentos da xornada interna

b) Reunións informativas para novas e novos psicólogos da Quenda:

- Desenvolvéronse tres xornadas informativas para as novas e novos psicólogos que se incorporan á Quenda o 25 de xaneiro, 20 de febreiro e 4 de xuño.

c) Formación

- Xornada Interna de Traballo da Quenda de Garda Psicolóxica e Especializada
Data: 25 de xaneiro.
Lugar: Salón de actos do COPG.
Coordinación: Rubén Villar Trenco e Fátima López Rodríguez.
Relator/as: Francisco Javier Quiroga Paredes. Sarxento 1º. Xefe do Equipo Muller e Menor na Unidade Orgánica de Policía Xudicial da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra.
Mª Isabel Rodríguez Prego, psicóloga colexiada G-2199 e Julita Mª Touriño Araújo, psicóloga colexiada G-1981. Ambas as psicólogas integrantes do dispositivo da Quenda de Garda Psicolóxica Especializada e Permanente. Beatriz Núñez Vázquez. Avogada. Asistencia xurídica en casos de violencia de xénero.
- Formación “Coherencia cardíaca”
Data: 18 de maio.
Modalidade online.
Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Fátima López Rodríguez
Relatores: Pablo Pérez García. Psicólogo.
- Xornada “A perspectiva de traballo na Quenda desde o punto de vista da avogacía”.
Data: 19 de setembro.
Modalidade online
Coordinación: Rubén Villar Trenco e Fátima López Rodríguez.
Relatora: Cecilia Barros Díaz. Asesora xurídica do COPG.

d) Actividades desenvoltas polos coordinadores:

- Revisión e actualización do protocolo e regulamento de réxime interno.
- Celebración de xuntanzas de traballo de coordinación interna, cunha frecuencia mensual para planificar, coordinar e elaborar diferentes actuacións referentes a este dispositivo.
- Para a coordinación co resto de recursos da comunidade leváronse a cabo xuntanzas de traballo con profesionais dos seguintes ámbitos e/ou recursos: Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, asesora xurídica do COPG, decana do COPG, Secretaría Xeral de Igualdade, Fiscalía de Violencia de Xénero, Instituto de Medicina Legal de Galicia, Oficinas de Atención á Cidadanía e ás Vítimas, Centros de Información ás Mulleres, avogacía, Forzas e Corpos de Seguridade, Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e teléfono da muller.
- Neste ano, como parte do labor de sensibilización e visibilización:
 - Atendéronse diferentes chamadas de axentes sociais interesados/as pola existencia e funcionamento do dispositivo.
 - Presentouse o dispositivo en reunións de traballo e en mesas coloquio para o proxecto europeo Pro.Vi.

9.4. INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS



Ana Mª Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia en materia de Protección Civil. Véñense renovando anualmente desde 1997.

O obxecto deste convenio é achegar apoio á acción permanente dos órganos e das autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) —ver epígrafe 8.1 desta Memoria— que está organizado en forma de rede activable. Está integrado por 49 psicólogas e psicólogos colexiados especializados neste tipo de situacións, que son os que interveñen, e 36 psicólogos e psicólogas colexiados de nova incorporación, non intervenientes, que están en proceso formativo. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

Adicionalmente, este ano, con motivo da situación xerada pola emerxencia sanitaria da COVID-19, asinou un convenio específico coa mesma entidade para desenvolver atención psicolóxica telefónica, a través do 112, á poboación xeral, en vigor entre o 6 de abril e o 14 de xuño de 2020.

9.5. PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

En 2020 renováronse os convenios de colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicología de Galicia, o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, o Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, o Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol, o Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra e o Ilustre Colexio de Avogados de Vigo para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial.

A través dos convenios asinados preténdese desenvolver programas de mediación intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo mediante o funcionamento de equipos de mediación compostos por un ou unha profesional da psicología e un avogado ou avogada que traballen en directa conexión coa fiscalía dos xulgados e coa propia xudicatura.

Estes programas impulsan a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia no que se trata de acadar un acordo entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos e das menores do núcleo familiar.

Equipo de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela

Ao equipo fóronlle derivados 2 casos, ambos os dous asistiron á sesión informativa presencial (SIP) e aceptaron realizar mediación. En ningún deles se acadou acordo.

Equipo de mediación intraxudicial de Ourense

Ao equipo fóronlle derivados 3 casos e en ningún se chegou a celebrar a sesión informativa presencial (SIP): nun dos casos chegaron a acordo antes da mesma e os outros dous casos canceláronse debido á COVID-19.

Equipo de mediación intraxudicial da Coruña

Ao equipo fóronlle derivados 35 casos, e en todos asistiron á sesión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 13 (37,14%), dos cales 5 (38,46%) chegaron a acordo, 7 (53,85%) remataron sen acordo e 1 (7,69%) non se rematou.

Equipo de mediación intraxudicial de Ferrol

No equipo de Ferrol non chegou a haber ningunha derivación.

Equipo de mediación intraxudicial de Pontevedra

Ao equipo fóronlle derivados 16 casos, dos que 12 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 10 (83,33%) dos cales 8 (80%) chegaron a acordo e 2 (20%) non se remataron.

Equipo de mediación intraxudicial de Vigo

No equipo de Vigo non chegou a haber ningunha derivación.

REUNIÓN

21 de xullo.



Reunión dos mediadores e mediadoras coa Decana e o Vicedecano

9.6. XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN DE SEGURIDADE VIARIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade e en colaboración directa cos Servizos Provinciais de Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior e a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, levou a cabo as Xornadas de Concienciación de Seguridade Viaria. Estas xornadas van dirixidas a persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria en substitución dos traballos en beneficio á comunidade (ver epígrafe 8.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é o de posibilitar que os e as profesionais do Tráfico e da Seguridade poidan continuar traballando a concienciación coas persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria.

O Grupo de Tráfico e da Seguridade conta con 20 psicólogos e psicólogas con capacitación técnica e experiencia prolongada ao longo destes últimos sete anos, intervindo con máis de 1.250 persoas penadas por delitos relacionados co ámbito do tráfico.

9.7. PROGRAMA PSICOVIAL

No marco de colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia e para responder ás demandas da Unidades Provinciais de Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias, en 2013 o COPG elaborou a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade un programa de intervención con persoas penadas por delitos relacionados co tráfico cunha orientación de intervención exclusivamente psicolóxica e dentro dun formato de programa prolongado con 9 meses de duración (ver epígrafe 8.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é dispor da posibilidade de poñer en práctica a experiencia acadada no formato taller de Xornada de Concienciación para transformala en programa longo de intervención psicolóxica. Trátase dun nivel superior ao formato de Xornada de Concienciación en tanto que hai maior gradación nas penas así como reincidencia, dándose casos que superan as 300 xornadas de pena tanto con multi como polirreincidencia.

O COPG segue sendo pioneiro no Estado con este tipo de programas fóra do contexto da organización de institucións penitenciarias como xa ocorrera no seu momento co formato Xornadas de Concienciación.

9.8. PROTOCOLO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2013 un protocolo de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a prestación de asistencia pericial á administración de xustiza nos procedementos penais a petición dun xulgado ou cando a proba fose acordada a solicitude dunha persoa beneficiaria de asistencia xurídica gratuíta.

9.9. ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, manteñen desde abril de 2013 un acordo marco de colaboración para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

9.10. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar

a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

9.11. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a prever a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, baixo convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela, colabora no desenvolvemento dun curso sobre o Código Deontolóxico que recibiu o alumnado do Practicum do Grao en Psicoloxía, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. O devandito curso foi impartido por antigos membros e polos actuais da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG e a asesora xurídica do Colexio.

Tamén ao abeiro deste convenio organizouse a actividade Tempo da Psicoloxía, unha actividade divulgativa da psicoloxía na sociedade e que na súa primeira edición versou sobre o tema “Unha ollada sobre a violencia”.

9.12. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2012 un convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo cuxo propósito é realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de materias que resulten de interese para ambas as institucións.

Ao abeiro do convenio marco, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia segue mantendo o convenio de colaboración específico para o desenvolvemento científico no marco do programa de doutoramento en Ciencias da Educación e o Comportamento.

9.13. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Fundación Meniños para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

9.14. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)

Convenio marco de colaboración desde 2012 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinouse co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

9.15. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)

CAMPAÑA #POLOBOTRATO

Convenio de colaboración coa FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) en cuestións de igualdade e loita contra a violencia de xénero, ao abeiro do cal se reeditou o cartaz co "Decálogo de Concellos #PoloBo-Trato" que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero.

9.16. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE ESCLEROSE MÚLTIPLE (FEGADEM)

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM) asinaron o 19 de xullo na sede do COPG un convenio marco de colaboración coa intención de poñer en marcha medidas e puntos de defensa comúns, así como para a elaboración dunha guía de carácter público sobre a abordaxe da patoloxía da esclerose múltiple.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a presidenta da FEGADEM, Rosa María Villar Cordovés, ratificaron este convenio que permitirá fomentar o intercambio de información e apoio técnico no eido da Atención Integral, sobre as necesidades do colectivo das persoas afectadas por esclerose múltiple, as súas familias e/ou referentes, así como por outras enfermidades neurodexenerativas, á vez que promover as alianzas oportunas para o deseño e desenvolvemento de programas e proxectos conxuntos que cumpran cos obxectivos estratéxicos de ambas entidades.

Para a elaboración da Guía sobre a abordaxe da patoloxía da esclerose múltiple creouse un Grupo de Traballo composto por:

Víctor Manuel Torrado Oubiña, *coordinador*

María Jesús Gómez Vecino

Fernanda Patiño Bustabad

Silvia Tubío Laíño

Lola Vinagre Torres

9.17. CONVENIO COA CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA

O 17 de setembro de 2019 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o desenvolvemento de accións de formación especializada a profesionais sanitarios sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade e o COPG para a posta en marcha, desenvolvemento e financiamento de accións de formación especializada dirixidas a psicólogos e psicólogas, sobre prevención e atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero dentro da formación que se imparta introduciranse módulos específicos sobre menores e violencia de xénero, mulleres estranxeiras, aspectos psicolóxicos e sociais (recursos e programas en Galicia) , en relación coa violencia de xénero.

9.18. CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA

No ano 2019 asinouse un convenio de colaboración entre a Confederación de Empresarios de A Coruña e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a promoción da xestión e o desenvolvemento das persoas na contorna laboral.

Este acordo foi impulsado desde a Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) para, entre outros obxectivos máis específicos, poñer en valor a contribución das e dos profesionais da Psicoloxía, e da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións en particular, ao ámbito empresarial e organizacional.

Ao abeiro deste convenio publicamos unha Guía de Recomendacións desde a psicoloxía para o teletraballo, a través da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.

9.19. CONVENIO CON PREVISIÓN SANITARIA NACIONAL (GRUPO PSN)

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Aseguradora para Previsión Sanitaria Nacional (Grupo PSN) asinaron o 13 de novembro de 2019 un acordo de colaboración para o desenvolvemento da actividade profesional, proporcionando distintas solucións de cobertura e protección persoal das persoas colexiadas e de calquera outro servizo de carácter profesional.

10. SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante a Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cunha listaxe de psicólogos e psicólogas para responder ás demandas que se fagan á institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdicionais e das administracións públicas. Esta listaxe, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito penal
- Dereito civil
- Dereito laboral, social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose un envío a todos os xulgados de Galicia das listas de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Tamén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2020, elaborada por Unión Profesional de Galicia, que inclúe tamén unha listaxe de mediadoras e mediadores.

11.

**SERVIZO DE MEDIACIÓN EN
ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS**

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2014, créase o Servizo de Mediación en Asuntos Civís e Mercantís do COPG, aprobándose nesta mesma data o seu regulamento.

Este Servizo está integrado por 54 mediadores e mediadoras. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia figura inscrito no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza.



Fotografía por rawpixel.com

12.

**BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN
EN PSICOLOXÍA****XII EDICIÓN DA BECA SIOTA****Composición do Comité Seleccionador:**

M^a Rosa Álvarez Prada, *decana*.

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez

Luís Carlos Álvarez García

Rosa Cerqueiro Landín

Ana Jartín Abreira

Carlos Montes Piñeiro

José Manuel Oreiro Blanco

Gloria Seoane Pesqueira

Por acordo da Xunta de Goberno do 15 de decembro convocouse a XII Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía.

13. EVENTOS COLEXIAIS

13.1. PREMIO DOLORES LLÓPIZ “PSICOLOXÍA E SOCIEDADE 2020”

Estaba programado o acto de entrega para o mes de xuño do premio Dolores Llópiz, Psicoloxía e Sociedade, que recaeu na cantautora Uxía Senlle, así como o recoñecemento como colexiado de honra a Elixio Domarco Álvarez. Estes eventos tiveron que ser aprazados polas circunstancias epidemiolóxicas, pendentes para momentos máis favorables, ao igual que o recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que neste ano cumpriron 25 anos de colexiación ininterrompida.

13.2. OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

■ Tempo da Psicoloxía “Unha ollada sobre a sociedade dixital”

Entre os días 17 e 20 de febreiro tivo lugar a segunda edición de Tempo da Psicoloxía, un proxecto organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de



Momentos do acto Tempos da Psicoloxía “Unha ollada sobre a sociedade dixital”

Compostela, que se desenvolveu en Santiago de Compostela. A temática protagonista deste ano foi a sociedade dixital, abordada desde distintas ópticas.

Tempo da Psicoloxía é unha actividade divulgativa deste ámbito científico e profesional na sociedade nada en 2019, que aborda unha temática concreta en cada edición desde o prisma da psicoloxía, pero en interacción con outros axentes sociais.

O luns 17 de febreiro no Teatro Principal de Santiago de Compostela arrincou esta edición co acto de inauguración desta segunda edición de Tempo da Psicoloxía, no que participaron a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía, M^a Rosa Álvarez Prada; a decana da Facultade de Psicoloxía



Momentos do acto Tempos da Psicoloxía
“Unha ollada sobre a sociedade dixital”



da USC, Lourdes Mirón Redondo; a concelleira de Acción Cultural, Mercedes Rosón Ferreiro; e a secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella. A continuación, tivo lugar o primeiro dos coloquios, “Do smartphone ao Fortnite: adicións e tecnoloxías”, onde participaron Antonio Rial Boubeta, profesor da Facultade de Psicoloxía da USC e investigador no eido das adicións; José Manuel Recouso Ramos, psicólogo clínico de AGALURE; Olegaria Mosqueda Bueno, orientadora do IES Santa Irene de Vigo; e Rosa Cerqueiro Landín, voceira do Movemento Galego de Saúde Mental. Esta mesa estivo moderada pola xornalista Belén Regueira e nela analizouse un dos aspectos que máis preocupa sobre este contexto dixital, como é o xogo online, a adición aos videoxogos ou o uso abusivo dos teléfonos móbiles, tanto entre a adolescencia como nas persoas adultas.

O martes 18 de febreiro xa na sede Afundación continuouse cunha palestra sobre como é posible reducir o impacto de certas fendas sociais, como o xénero, o rural, a vellez ou a enfermidade mental, a través das ferramentas dixitais, baixo o título “Tecnoloxías que rachan coas fendas sociais”. Participou Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia; Rosa Arcos Caamaño, presidenta de Fademur Galicia; María José Fares Varela, psicóloga experta en envellecemento e docente das Aulas Senior ATEGAL; así como Patricia Gómez Salgado, psicóloga de FEAFES Ourense; nunha conversa moderada pola xornalista Tamara Montero.

Ao día seguinte, abordamos como mudaron as nosas formas de relacionarnos, tanto de xeito interpersoal como coa propia administración ou a través da nosa identidade dixital. A xornalista Alba Mancebo dirixiu esta conversa, a última aberta ao público xeral do ciclo, na que participaron Marcus Fernández, webmaster de Código Cero; Julio González Morandeira, psicólogo e responsable de innovación do Concello de Lugo; Noa Díaz Varela, concelleira de Educación, Mocidade, Igualdade e Políticas Lingüísticas do Concello de Santiago; así como unha alumna do Grao de Psicoloxía, Lara Deza.

O peche desta edición de Tempo da Psicoloxía foi na Facultade de Psicoloxía, con motivo dos actos de celebración do Día da Psicoloxía Académica, no que Cristina Botella, catedrática de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos da Universitat Jaume I, impartiu unha conferencia co título “O uso das TIC na intervención psicolóxica”.

Co gallo da temática escollida para esta edición, un grupo de alumnas e alumnos do Grao de Psicoloxía da USC participou nun reto para comprobar a incidencia desta sociedade dixital nas súas vidas, a través do reto de desconectarse das redes sociais e da mensaxería instantánea (WhatsApp e similares) ao longo dunha semana. Co cancelo #TempoDesconexión no Instagram do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (www.instagram.com/copgalicia) relatan a súa experiencia día a día a través de vídeos, as dificultades para cumprilo, sensacións e cambios nas súas vidas.

■ Ciclo "Quedamos ás oito"

Ciclo de webinars promovido pola Vogalía de Formación do COPG ao longo de dúas semanas, entre o 9 e o 17 de novembro, no que compañeiros e compañeiras colexiadas compartiron recursos que desenvolveron no contexto da pandemia e que poden ser de utilidade. Programa:



- LUNS 9: “Retos e necesidades psicosociais dos centros residenciais de persoas maiores en tempos de COVID-19. Historias de resiliencia”, impartido por Romina Mouriz Corbelle.
- MARTES 10: “Como facer reunións eficaces e resolutivas”, impartido por José Ortuño Vilurbina.
- MÉRCORES 11: “Gardiáns e gardiás do arco da vella: unha acción da comunidade para a comunidade”, impartido por Fátima López Rodríguez.
- XOVES 12: “A mobilidade no km cero”, impartido por Diego Antelo Guerra, Carlos Gestal Gestal, Alejandro González Piñeiro e Eva Muíño Gómez.
- LUNS 16: “Necesidades psicosociais das persoas maiores con deterioro cognitivo en tempos da COVID19” impartido por Pedro Santamaría Gargamala.
- MARTES 17: “Retrincos de cores”, impartido por Isabel Cabado Fidalgo e Sandra Izaguirre García.
- MÉRCORES 18: “Achegándonos ao mindfulness: Guías de prácticas do COPG”, impartido por Sandra Izaguirre García e Ana I. Martínez Arranz.

■ **Curso de Introducción á teleasistencia**

Promovido pola Vogalía de Formación, de carácter gratuito.

